

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA SOLICITAR UNIDADE NA EMENDA AOS PGE SOBRE O FERROCARRIL FERROL – A CORUÑA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para solicitar unidade na emenda aos PGE sobre o ferrocarril Ferrol – A Coruña

Exposición de motivos

O estado das infraestruturas da nosa cidade leva anos nunha situación grave, as conexións que unen a nosa comarca co resto da provincia, do país e do estado, non están a mellorar se non todo o contrario: estase a desmantelar o servizo público de ferrocarril, o que trae consigo máis desemprego, máis precariedade laboral e uns servizos de peor calidade para a toda a veciñanza de Ferrol.

A modernización da obsoleta rede ferroviaria Ferrol – A Coruña é un tema urxente e demandado por activa e por pasiva. Día tras día vemos como o mantemento das infraestruturas é nulo, a maquinaria é de terceira ou cuarta man, as frecuencias vense reducidas cando non eliminadas e así un gran número de incontables afeamentos que sofre a nosa cidade en relación co transporte ferroviario.

Podemos afirmar categoricamente que padecemos un servizo deplorable, escaso, anticuado e inadecuado, onde por poñer un exemplo, tórdase máis de 5 horas en chegar a Madrid dende Ferrol con dous frecuencias actualmente. Pero o máis preocupante para nós é a case hora e media que tórdase en percorrer os 55km que sepáranos de A Coruña a través dunha liña viaria do ano 1913 na que non se acomete ningunha obra de relevancia dende aquela.

Ferrol e A Coruña son dúas cidades que comparten grandes vínculos sociais, laborais e educativos, polo que estimamos unha prioridade que o nexo de unión entre ambas cidades non se reduza a un tren do século pasado, as autopistas máis caras de España e actualmente, un servizo de transporte de autocares deficitario e con multitude de problemas sen resolver.

Cada ano, todos os gobernos de todas as cores prometen melloras na nosa rede ferroviaria pero nunca chegan a se executar, discriminando sistematicamente ao transporte ferroviario da zona do Eixo Atlántico.

O bypass de Betanzos segue en punto morto; a oferta de horarios das viaxes segue baixando; o mantemento das vías é inexistente causando numerosos incidentes que fan moi inseguras as viaxes; a externalización dos servizos é unha constante e segue faltando un gran número de persoal para que este servizo público sexa digno e de calidade para os máis de 600.000 veciños e veciñas da nosa contorna que poderían estar usando un tren adecuado as súas necesidades.

Ademais, o ferrocarril é, dende o noso punto de vista e o punto de vista medioambiental, un dos transportes máis sostibles co que se pode avanzar cara unha comarca verde, ademais de ser un dos máis seguros. Consideramos de vital importancia o desenvolvemento dun servizo competitivo que favoreza a mobilidade de pasaxeiros e contribúa a desenvolver as potencialidades desta comarca e da nosa cidade tanto económicas, sociais e turísticas.

O desleixo que amosan as administracións públicas cara a nosa comarca é inaceptable, polo que é fundamental seguir facendo fincapé en sacar adiante as promesas que un día se fixeron e quizais sexa o momento de facelo todos xuntos, facendo un fronte común dende a corporación municipal e presentar unha emenda conxunta aos orzamentos xerais do estado.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Presentación dunha emenda de toda a corporación de xeito conxunto, aos orzamentos xerais do estado, coa que demandar a inclusión dunha partida e posterior execución, coa que diminuír o tempo do ferrocarril entre Ferrol - A Coruña.

Ferrol, 24 de outubro de 2022

Jorge Suárez Fernández
Voceiro do GM Ferrol en Común